

[De Ítaca a Ea]

S

er Circe. Quén non prefire ser Circe. Facer feitos revolvendo os mares, para ter a Ulises dentro das mucosas, e habitar Ea. Para enmeigar aos pretendentes, e ser quen de tecer e tecer, coma a araña moura dos libros infantís, acabar axiña e gozar dun amante ao que devorar despois. Calquera, á falta de Ulises. Ser Circe para non destecer e aprender esquecendo. Quén non prefire ser Circe

Ou quedar coma Penélope. Quén quere ser Penélope. Facer novelos, pende en que pende, pensativa, habitando Ítaca, temerosa. Agardar constantemente, porque queda ben, agardar a que chegue Ulises aprendendo a serlle fiel, ao tempo que Circe é. Circe a enredarse na arañeira tecida e destecida cada noite. Destecer para lembrar os días de Ulises con veas rotas e sangues derramados; agardar para non ver outra vez a través de ollos oblicuos, voltos cara a dentro. Quedar coma Penélope, temerosa dun Ulises que non se mete entre as mucosas, que irrompe, tralla e bate nelas, frío de cravos. Sen o calor dos bicos. Os bicos que si ten Circe. E así, quén quere ser Penélope.

Odisea é a deste Ulises que se foi, deixando Telémacos des-

queridos e pobreza sen escusas. Odisea de deixar esta terra de trópico, terra cor café con leite. Café amargo na pel das mulleres de aquí. Tódolos Ulises son iguais.

Un bo día, o mellor de tódolos días, algúns Ulises de aquí comezan a lliada cara ao norte, sempre ao norte, e bucean mares e mareas, na busca de peles novas, de arrecendos diferentes, a calor de Circe, feito de Europa no diñeiro. Os Ulises comezan, teñen que comezar unha viaxe de Odisea postergada tras dunha carta que comezou **Miña dona, Penélope crioula....** E qué máis dá cómo seguiu. Que nesta Ítaca ás Penélopes non nos deixan ser Circes, nin ter amores dentro das mucosas, nin vivir contentes por ver lonxe os días de sangue derramado e marcas de dedos nas coxas. Loito eterno e soidade de portas para fóra. Café amargo na pel das mulleres de aquí.

Eu son unha desas Penélopes que quere deixar Telémacos e voar de Ítaca, pedirlle prestadas as ás a Ícaro, e flotar lonxe do sol, contando a modo o siso intelixente de Agridina. Ou voar Ítaca nun cogomelo de lume. Por non me deixar ser Circe, vingarme deste Ulises. Vingarme desta Ítaca de esposas da terra, esposas dos fillos, esposas do sangue derramado. Abrirle as mucosas a un Apolo calquera, habitar Ea, falar linguas do norte e non ter a pel rachada polo sol do trópico.

Eu son desas Penélopes que se queren vingar, matar a Ulises.

Son a Penélope crioula, soñadora, que quere voar de Ítaca.

INMA IÓPEZ SILV A